



CONCELLO DE PANTÓN (LUGO)

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C
www.concellodepanton.es ---- E-Mail: concello.de.panton@eidolocal.es

Anuncio

BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN, POR CONCURSO, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE PANTÓN (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES E PRESTACIÓN BÁSICA).

.- Obxecto da convocatoria.-

Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de data 19 de maio de 2017, RESÓLVESE: Abrir por un prazo de 5 días naturais, a petición dos Servizos Sociais Municipais, por non quedar efectivos na bolsa de emprego para o posto de auxiliar de axuda no fogar, en número suficiente para atender as necesidades que se presenten. Admitíndose novas solicitudes e novos méritos aportados polos aspirantes xa incluídos na bolsa. Para cubrir de forma temporal, as necesidades puntuais, xa sexan baixas, substitucións, vacacións ou outras necesidades circunstanciais.

O proceso selectivo será o de CONCURSO, conforme ao disposto no artigo 61 do Texto Refundido Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril (en adiante EBEP).

- Modalidade Contractual.-O modelo de contrato de traballo a utilizar será o de duración determinada na modalidade do mesmo máis axeitada ao caso concreto:

realización de obras ou servizos determinados, interinidade (para cubrir provisoriamente as vacantes ou ausencias que se poidan producir como baixas) ou eventual por circunstancias de produción (acumulación de tarefas, substitucións de vacacións). O réxime xurídico da relación será de carácter laboral, en réxime de dedicación a tempo completo ou parcial segundo se determine no contrato e atendendo ás necesidades do servizo que motiven a contratación.

.- Funcións.-baixo a coordinación da Sra . Alcaldesa ou persoa en quen delegue, realizaranse as labores propias dun Auxiliar de Axuda no Fogar, realizando os desprazamentos no vehículo propio a cada domicilio das persoas usuarias deste Servizo, con resarcimento do quilómetros realizado.

Requisitos específicos para o acceso aos empregos:

1.- Título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e a comunidade.

2.- Só se admitiran candidatos/as ao proceso de selección as persoas que acrediten estar en posesión do permiso de conducir B e dispor de vehículo para desprazarse.

O prazo de presentación de instancias será de cinco días naturais dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do presente concurso no Boletín Oficial da Provincia.

As bases do presente procedemento poden consultarse NA PAXINA WEB DO Concello:www.concellodepanton.es e nas Dependencias Municipais de luns a venres de 9 a 14 horas durante o prazo de presentación de instancias.

En Pantón, a 19 de maio de 2017

O alcalde

Asdo.: José Luis Álvarez Blanco